



A C T A 7/2019

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- 21 MAIO DE 2019 -

Na Casa do Concello, a vinte e un de maio de dous mil dezanove, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D. Xurxo Francos Liñares

D.^a María del Pilar Pérez Fagil

D. José Francisco Nanín Castro

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.^a María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.^a María Dolores Nariño Facal

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

Non asisten, previa escusa:

D.^a Concepción García Vázquez

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Manuel Anxo Fernández Baz

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PROXECTO COLECTOR ESPASANDE TOMO ÚNICO DE 14.05.19 (RES 356/19)

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RECTIFICACIÓN DO ERRO NO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNCIIIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2019”

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 25 DE MARZO DE 2019 (RES 220/19), CONCEDENDO A COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO PARA O EXERCICIO DA AVOGACÍA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as trece horas, declara público e aberto o acto.

Explica o sr. alcalde que todos os asuntos son de carácter extraordinario, debendo ratificarse a súa inclusión na orde do día, tratándose de asuntos de trámite.

A continuación procedese a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PROXECTO COLECTOR ESPASANDE TOMO ÚNICO DE 14.05.19 (RES 356/19).

Explica o sr. alcalde que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, procede ratificar a inclusión do asunto na orde do día.


Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-Anova, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.^a Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus sinala que a explicación deste punto xa se desprende da propia Resolución cuxa ratificación se propón, de 14 de maio de 2019 (res. 356/19), relacionada coa necesidade de dar cumprimento aos requirimentos da Deputación en relación co proxecto do Colector Espasande. Salienta a sra. Lemus que procedeuse a aprobar o proxecto por Decreto da alcaldía, remitíndose de inmediato á Deputación para que puidera entrar no último Pleno desta.

O sr. alcalde salienta que a premura está relacionada tamén coa necesidade de poder reanudar a obra.

Preguntado polo sr. alcalde, os concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.



Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-ANOVA, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda ratificar a Resolución da alcaldía de 14 de maio de 2019 (res. 356/19), que se reproduce a continuación.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: *Aprob. proxecto Tomo único Colector Espasande TOMO ÚNICO 14.05.19*

EXPEDIENTE: *2019/G003/000346*

Vistas as Bases do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña.

Visto o proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, cun orzamento de execución por contrata de 315.346,10 € aprobado por acordo plenario de 15/03/2016 e modificado polas Resolucións da alcaldía de 17 de marzo de 2016 (res. 223/16), ratificada por acordo do pleno de 31/03/2016 e de 26 de abril de 2016 (res.321/16), ratificada por acordo do pleno de 28/04/2016.

Visto o expediente de contratación O-4/2017, no que figura, entre outros, a Resolución 735/17 de adxudicación a favor da empresa Obras y Viales de Galicia, S.L., de data 08/09/2017, a formalización do contrato de data 21 de setembro de 2017 e a acta de comprobación do reformulo previo de data 16 de outubro de 2017.

Visto o proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, datado en abril de 2018 (rex. entrada nº 1.026 do 13 de febreiro de 2019), para dar cumprimento aos requirimentos efectuados por Augas de Galicia, que foi autorizado por este organismo mediante a Resolución do 27 de novembro de 2018, e aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrado o 27 de febreiro de 2019.

Visto o requirimento da Deputación Provincial, recibido o 10 de abril de 2019, para emendar as deficiencias técnicas non substanciais do proxecto que se detallan a continuación:

Refundir o proxecto nun só documento.

Xustificar a necesidade do modificado segundo os artigos 203 a 207 e 242 da Lei 9/2017.

- .- Non coincidencia dos valores do estudo de xestión de residuos
- .- Asinar polas partes o documento relacionado coa Acta de prezos contraditorios.

Visto o “Proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua”, TOMO ÚNICO, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, logo de corrixir estas deficiencias non substanciais, aprobado mediante Resolución da alcaldía de 7 de maio de 2019 (res 330/2019), que foi remitido á Deputación o 7 de maio de 2019.



Considerando que, a instancias da Deputación, remítese ao concello polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo un novo “Proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua”, TOMO ÚNICO, asinado o 14 de maio de 2019, que emenda a deficiencia técnica non substancial de reflectir na memoria descritiva que os custos de seguridade e saúde están repercutidos nas distintas unidades de obra do proxecto, e que este proxecto modificado é compatible coas condicións sinaladas na autorización do servizo de vías e obras da Deputación Provincial do 09.05.19.

En virtude do exposto, e considerando que, segundo o requirido pola Deputación, a subsanación das deficiencias advertidas deberá facerse efectivo no día da data, para poder someter a aprobación do proxecto ao Pleno Provincial, no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o “proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua”, TOMO ÚNICO, asinado o 14 de maio de 2019 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo.

Segundo.- Dar traslado do acordo á empresa contratista e á Deputación da Coruña a efectos das actuacións que sexan pertinentes.

Terceiro.- Dar conta Pleno na vindeira sesión que celebra a efectos da súa ratificación”.

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RECTIFICACIÓN DO ERRO NO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNCIIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2019”.

Explica o sr. alcalde que ao tratarse dun asunto non ditaminado, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-Anova, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.^a Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposición da alcaldía de 15 de maio, que se reproduce a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Rectificación de erro no acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), “POS+ 2019”, publicadas no BOP nº 188, de 2 de outubro de 2018.

Visto o acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, adoptado na sesión plenaria do 18 de decembro de 2018.

Tendo en conta o informe de Intervención municipal de data 14 de maio de 2019, no que se sinala a imposibilidade de destinar a parte de redución de débeda con entidades financeiras a operacións de financiación de pago a provedores, o que implica unha rectificación neste apartado do Acordo plenario de data 18 de decembro de 2018, que afecta só ao cambio da operación de préstamo a que se vai dedicar a amortización anticipada, sen modificar a cantidade dedicada a tal extremo.

Tomando en consideración estes antecedentes, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo Plenario de 18 de decembro de 2018, no apartado b do punto primeiro da parte resolutiva do mesmo, quedando o acordo en cuestión redactado conforme se recolle no anexo da presente.

Segundo.- Dar traslado do presente á Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 15 de maio de 2019.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

ANEXO

Primeiro.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
ACTUACIONES DE MANTEMENTO, REFORMA DE INSTALACION ELECTRICA E INSTALACION DE PROTECCION CONTRA INCENDIOS, EN EDIFICACION DESTINADA A CENTRO SOCIAL, REIS	99.993,64	1.237,57	101.231,21
REURBANIZACION DO NÚCLEO DE SESTELO, RARIS	322.386,98	3.990,02	326.377,00
Subtotal investimentos achega provincial 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
---	--------------------------------------	--	--

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
---	------------	----------	-----------------

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PENELAS, CACHEIRAS	125.559,54	10.432,23	135.991,77
--	------------	-----------	------------

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL DE SANTA MARTA, TEO	85.993,04	7.144,81	93.137,85
--	-----------	----------	-----------

Subtotal investimentos achega provincial 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
--	-------------------	------------------	-------------------

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
---------------------------------	--------------------------------------	--	--

Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
---	------------------------	--------------------	-----------------

CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO	252.144,33	63.807,60	315.951,93
---	------------	-----------	------------



Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93
--	------------	-----------	------------

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

b) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
NCG BANCO, SA	500-0318-65.268-3	37.943,49
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		37.943,49

C)Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
-----------	------------	----------	-------

	Achega 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Préstamo 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93

b- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	37.943,49	,00	37.943,49
--------------------	---------------	-----------	-----	-----------

	Achega 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21
--	-------------	------------	----------	------------





TOTAL	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Préstamo 2019	290.087,82	63.807,60	353.895,42
	TOTAL	924.021,02	86.612,23	1.010.633,2

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos :

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MODIFICADO DE PROYECTO DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO DO CENTRO SOCIO CULTURAL de A RAMALLOSA	103.128,86
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, LUCI	38.014,96
REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE I)	439.998,88
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE II)	149.774,67
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN EO DOS FERREIROS, OZA	134.209,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE, LUCI	61.456,00



TOTAIS	1.182.825,39
--------	--------------

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e resolución do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta".

Explica a sra. Lemus que, tal e como se desprende da proposta transcrita, so se cambia o préstamo sobre o que se fai a amortización.

Preguntado polo sr. alcalde, os concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-ANOVA, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo Plenario de 18 de decembro de 2018, no apartado b do punto primeiro da parte resolutiva do mesmo, quedando o acordo en cuestión redactado conforme se recolle no anexo da presente.

Segundo.- Dar traslado do presente á Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

ANEXO

Primeiro.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
ACTUACIONES DE MANTEMENTO, REFORMA DE INSTALACION ELECTRICA E INSTALACION DE PROTECCION CONTRA INCENDIOS, EN EDIFICACION DESTINADA A CENTRO SOCIAL, REIS	99.993,64	1.237,57	101.231,21
REURBANIZACION DO NÚCLEO DE SESTELO, RARIS	322.386,98	3.990,02	326.377,00
Subtotal investimentos achega provincial 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21



ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
--	--------------------------------------	--	--

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
---	------------	----------	-----------------

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PENELAS, CACHEIRAS	125.559,54	10.432,23	135.991,77
--	------------	-----------	------------

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL DE SANTA MARTA, TEO	85.993,04	7.144,81	93.137,85
--	-----------	----------	-----------

Subtotal investimentos achega provincial 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
--	-------------------	------------------	-------------------

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
---------------------------------	--------------------------------------	--	--

Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
---	------------------------	--------------------	-----------------

CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO	252.144,33	63.807,60	315.951,93
---	------------	-----------	------------

Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93
--	-------------------	------------------	-------------------

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

b) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
NGC BANCO, SA	500-0318-65.268-3	37.943,49
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		37.943,49

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
-----------	------------	----------	-------

INVESTIMENTOS	Achega 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Préstamo 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93

b- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	37.943,49	,00	37.943,49
--------------------	---------------	-----------	-----	-----------

TOTAL	Achega 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Préstamo 2019	290.087,82	63.807,60	353.895,42



	TOTAL	924.021,02	86.612,23	1.010.633,2
--	-------	------------	-----------	-------------

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos :

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MODIFICADO DE PROYECTO DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO DO CENTRO SOCIO CULTURAL de A RAMALLOSA	103.128,86
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, LUCÍ	38.014,96
REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE I)	439.998,88
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE II)	149.774,67
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN EO DOS FERREIROS, OZA	134.209,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE, LUCI	61.456,00
TOTAIS	1.182.825,39

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.



CONCELLO DE TEO
Secretaría

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 25 DE MARZO DE 2019 (RES 220/19), CONCEDENDO A COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO PARA O EXERCICIO DA AVOGACÍA.

Explica o sr. alcalde que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, procede ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-Anova, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición de 15 de maio de 2019, que se reproduce a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Inicio de expediente de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía.

Considerando que, de acordo co solicitado por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, mediante escrito de 13 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 9.163, de 17/12/18), mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019), lle foi concedida unha excedencia por coidado de familiares, por un prazo máximo de tres anos, dende o día seguinte ao da recepción da citada resolución, recepción que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2019.

Segundo o citado Decreto durante o período de excedencia o desempeño de actividades retribuídas estará suxeito a autorización previa consonte ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades, ao abeiro do previsto no artigo 79 do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo e normativa de aplicación.

Considerando que, mediante escrito de 23 de xaneiro de 2019, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño solicita que se lle autorice ao desempeño da actividade de avogado por conta propia, durante o tempo que permaneza na situación de excedencia por coidado de familiares, que lle foi concedida mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019) (rex. entrada nº 624, do 25/01/2019).

Considerando que, con data de 13 de marzo de 2019, se lle requiriu ao interesado para que achegase a declaración de que non desempeña actividade que poida impedir ou menoscabar o coidado do familiar a cargo causante do dereito á excedencia concedida

no seu día, con suspensión do prazo para resolver ao abeiro do previsto no artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (rex. saída nº 535).

Considerando que, con data de 18 de marzo de 2109, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, presenta declaración de que *“la realización de la actividad de abogado por cuenta propia, para cuyo desempeño se ha solicitado autorización expresa a ese Ayuntamiento, ni impide, ni menoscaba, el cuidado del familiar causante de la concesión de la excedencia solicitada”* (rex. entrada nº 1.706).

Considerando que, en virtude do exposto, mediante Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), se lle concedeu a D. Jesús M. Fernández Caamaño a compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada, nomeadamente o exercicio da avogacía por conta propia, durante o goce da excedencia por coidado de familiar a cargo, previamente concedida, en tanto a mesma non impida nin menoscabe o devandito coidado e non se atope dentro das prohibicións contidas nos artigos 11 e 12 da Lei 53/1984.

Considerando que, de conformidade co establecido no artigo catorce da Lei 3/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (en adiante, LI), e no artigo 50.9 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (en adiante, ROF) o Pleno da Corporación é o órgano que está facultado para recoñecer a compatibilidade ou declarar a incompatibilidade do persoal ao servizo da entidade local.

Considerando que, segundo o artigo 47.1b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito cando se trata de actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.



Considerando que, en virtude do exposto, o Decreto da alcaldía, de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), cuxa revisión se pretende, é nulo de pleno dereito ao terse ditado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

Considerando que, segundo o artigo 106 da LPACAP, as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbera, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxeran fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 do citado texto legal.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), pola que se recoñece a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da LPACAP.

Segundo.- Conceder ao interesado un prazo de vista e audiencia no expediente, durante o prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da notificación do presente, para que alegue o que estime conveniente en defensa dos seus dereitos achegando os documentos e xustificantes que consideren pertinentes”.

Obra no expediente informe de secretaría de 15 de maio de 2019.

Preguntado polo sr. alcalde, os concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-ANOVA, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), pola que se recoñece a D. Jesús Manuel

Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da LPACAP.

Segundo.- Conceder ao interesado un prazo de vista e audiencia no expediente, durante o prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da notificación do presente, para que alegue o que estime conveniente en defensa dos seus dereitos achegando os documentos e xustificantes que consideren pertinentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde


CONCELLO DE TEO
Alcaldía
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria


CONCELLO DE TEO
Secretaría
Virginia Fraga Díaz